

INTRODUCCIÓN

O Museo Municipal Quiñones de León na súa tarefa de investigar, protexer e difundir o patrimonio cultural de Vigo propón con esta exposición, achegarse a un dos aspectos menos coñecidos da actividade artística da cidade, a ourivería, e faino a través dunha obra aínda ignorada ata polos propios vigueses, a do taller dos irmáns Hernández.

O centenar de obras coas que formamos esta exposición procede esencialmente da colección particular dos irmáns Hernández. Unha parte pequena da fecunda produción do taller na que estivesen representadas as diversas disciplinas e linguaxes artísticas que definen a súa obra poñendo de manifesto a súa versatilidade e calidade artística, permitíndonos descubrir a súa contribución á arte e á tradición plástica viguesa.

Os valisoletanos Eloy e Osmundo Hernández Calzada, establecéronse en Vigo no 1921, atraídos polo extraordinario florecemento que vivía a cidade, reflectido nunha intensa actividade cultural e artística á que ambos irmáns contribuíron de xeito destacado. Isto valeulles o nomeamento de *Fillos Adoptivos* en 1927. A súa chegada a Vigo coincide cun momento de vibrante renovación cultural gracias ó rexurdimento que a intelectualidade galega viña propiciando desde finais do século XIX e que vai guiar a vontade de acadar unha arte comprometida ética e esteticamente con Galicia, integradora da modernidade e enraizada en valores étnicos.

Os Hernández personifican ó artista de ampla e profunda formación. A súa diversificada produción coma ourives, escultores, xoiros e, sobre todo, esmaltistas revela a diversidade de influencias do seu estar sempre atentos á actualidade nas artes.

O cosmopolitismo do seu estilo pasa pola comprensión, a asimilación e a responsabilidade coa terra na que vivirán dende entón. Implicáranse rapidamente na actividade artística de Vigo involucrándose en institucións culturais coma o Ateneo vigués e a Escola de Artes e Oficios; ou na iniciativa de constitución do Museo de Arte Galego, xerme do actual Museo Municipal Quiñones de León, formando parte do seu primeiro padroado en 1935.

É por iso que para o Museo é unha satisfacción e unha honra ter a oportunidade de mostrar por vez primeira, de xeito antolóxico e monográfico, a obra dos Irmáns Hernández. Memoria e presente creativo duns artífices que rescátase do esquecemento, coma o Excmo. Concello de Vigo fixo este ano ó concederlles o nomeamento de *Vigueses Distinguidos*.

A presente guía acompañaralle na visita á exposición adentrándolle no proceso creativo do taller. Coñecerá a súa vinculación coa tradición histórica e as súas diversas experiencias estéticas e conceptuais, dende a formación da idea ata a execución final, a través das diferentes especialidades artísticas que desenvolveron: esculturas en diversos metais, tallas e cadros en marfil y acibeche, cadros en esmalte ou esmaltes aplicados a outros soportes e xoias.

SALA 1: O ALCANCE DA OBRA DOS IRMÁNS HERNÁNDEZ

Este primeiro espazo da exposición proporciónanos unha visión xeral da proxección do taller e da súa presenza nos máis variados ámbitos da vida social viguesa, dende as celebracións familiares ata os multitudinarios trofeos deportivos, pasando polas cerimoniais relixiosas e as conmemoracións institucionais ou empresariais.

Os fundadores, Osmundo e Eloy Hernández Calzada, a quen vemos nunha fotografía dos anos '20, lograron con sabedoría e empeño, conformar unha tradición artesanal, que se viu fortalecida polos seus descendentes, dando continuidade ó taller nos nosos días.

No centro da sala sitúanse dúas das súas moitas obras galardoadas, mostra do recoñecemento que tivo o seu traballo tanto a nivel nacional coma internacional. Trátase de dúas esculturas: o *Busto feminino con pano* que recibiu a Primeira Medalla na Exposición Nacional de Belas Artes de Madrid no 1934, e a *Dama de Castela*, realizada en 1921, que obtivo a Medalla de Honra na Exposición Internacional de Filadelfia (EEUU) de 1926. Á dereita da sala, sobre os bustos dos ourives sinálanse os principais títulos e distincións que mereceu a súa obra.

Os irmáns Hernández, cunha profunda educación artística, mantiveron o raizame histórico e souberon adaptarse ó cambio dos tempos, diversificando a súa produción co obxecto de chegar a clientelas máis amplas e heteroxéneas.

O interese que mostraron nas técnicas desenroladas historicamente pola pratería española, especialmente a do esmalte, maniféstase nunha produción moi versátil e fecunda coma escultores, ourives e sobre todo esmaltistas, en multitude de soportes, nos que non se valora a riqueza do material empregado senón a mestría do traballo.

O esmalte é a especialidade que o taller desenvolve con máis asiduidade e que foi, dende os seus inicios, a máis apoiada pola consideración dos artistas e polo favor do público.

No ámbito da ourivería sacra, inclinada, dende mediados do século XIX, ó mantemento dos modelos da pratería tradicional e allea ás correntes europeas, os Hernández compaxinaron unha produción historicista con outra na que, superadas as reservas dos clientes, puideron incorporar as vangardas da primeira metade do século XX. Á simplicidade das figuras e o seu expresionismo sereno é acorde coas linguaxes simbolistas que abrían novos camiños na arte cristián.

Coma reacción contra a baixa calidade das imitacións dos estilos pasados producidos en serie, amplamente aceptados e que se podían adquirir facilmente a través de catálogos comerciais, un dos seus maiores intereses foi o de crear pezas litúrxicas modernas e singulares, algunhas das cales podemos ver reunidas nas vitrinas.

A incorporación do xacobeo á produción artística dos Hernández mostra a pronta asimilación dun dos temas máis enraizados no imaxinario galego. Coñecedores da tradición e da historia da iconografía do Apóstolo, desenvolvérona nos materiais máis diversos.

A dimensión universal do culto a Santiago fixo que a demanda destas obras fose moi importante para o taller, e tivese unha difusión máis alá das fronteiras do país. Exemplo disto son os trípticos do *Pórtico da Gloria* (entorno ó 1950) e o *Tríptico de Santiago* (cara a 1965), que se mostran na sala.

SABER MÁIS:

1.- A importancia das Exposicións Universais e Nacionais de Belas Artes.

A implicación dos Irmáns Hernández na vida cultural e artística conséntase na frecuente participación en certames de ámbito galego, nacional e internacional.

De maior alcance eran as *Exposicións Universais*. A primeira tivera lugar en Londres no 1851, dirixida pola Sociedade de Arte. O importante despregamento de medios realizado para a ocasión evidenciouse na construción do Crystal Palace. O éxito obtido por esta primeira exposición estimulou a organización dos certames universais que nos anos posteriores celebráronse en diversas cidades europeas e norteamericanas. No 1926 a sede foi Filadelfia, conmemorando o 150 aniversario da Declaración de Independencia dos Estados Unidos. Resultou, ademais dun importante acontecemento patriótico, un gran éxito artístico, logrando reunir a seis millóns de visitantes.

A *Dama de Castela* que admiramos nesta sala, realizada en 1921, é unha das primeiras esculturas repuxadas que fixeron os Hernández sendo aínda moi novos. Modelárona traballando unha gran lámina de prata ata conseguir un auténtico vulto redondo, ó que dotaron de sobriedade cunha pátina escura a penas iluminada pola pedrería que engalana a figura nunha breve alusión á xoiería da que, obviamente, non querían prescindir.

Animados polo escultor pontevedrés Francisco Asorey, con quen mantiveron lazos de amizade dende a súa chegada a Vigo, participaron na citada Exposición Internacional de Filadelfia con esta obra. A calidade que advertiu nela Asorey non quedou menosprezada xa que foi premiada cunha das tres Medallas de Honra outorgadas a España.

Non sería esta a única exposición universal á que acudirían os Hernández. En 1929 concorren á de Barcelona, e no 1958 figuran varias obras súas na de Bruxelas, quedando frustrada pola guerra civil a súa participación no pavillón español, xunto ó Guernica de Picasso, na exposición universal de París de 1937.

No ámbito estatal, as *Exposicións Nacionais de Belas Artes* constituían o certame máis antigo e prestixioso dos celebrados por iniciativa oficial. Aínda que representaban a estética académica da arte española, impartida nos centros oficiais, eran as exposicións máis concorridas das celebradas en España e supuñan a posibilidade de darse a coñecer ós artistas saídos de escolas e talleres provinciais, xunto a importantes creadores do país. Ser admitido polo xurado, composto por individuos da Real Academia de Belas Artes de San Fernando de Madrid, significaba un recoñecemento para os máis novos e a consagración oficial para os xa coñecidos. Dende a súa institución en 1856, constituíron a primeira plataforma oficial de proxección persoal e o escaparate da actividade artística no ámbito estatal.

Os Hernández presentáronse a este certame nas edicións de 1930 e 1932. Na de 1934, o *Busto feminino con pano*, que poden admirar á esquerda da *Dama de Castela*, recibiu a primeira medalla. En 1936, en plena crise política da Segunda República e pouco tempo antes de se producir o levantamento militar, presentaron na sección de escultura a titulada *Venus de cobre*, que tras o estalido da guerra permaneceu oculta nos Palacios do Retiro madrileño, ata que felizmente se puido recuperar en bo estado. (Exhibimos esta obra ó fondo da exposición na sala número 6). Non volveron a participar nas seguintes convocatorias organizadas dende entón ata a súa última edición en 1968. O cada vez máis decadente certame, perdía paulatinamente autoridade polo seu excesivo sometemento ós criterios académicos, a miúdo desfasados e alleos ós auténticos intereses da arte.

En 1929 a *Dama de Castela* viaxou novamente ó continente americano, nesta ocasión a Bos Aires e Montevideo para participar nas Exposicións de Arte Galega organizadas pola Asociación de Amigos da Arte de Santiago de Compostela. Arxentina e Uruguai eran lugares de tradicional emigración dende finais do

século XIX, e as comunidades galegas alí instaladas mantiñan con especial inquietude o interese pola cultura da súa terra.

A asistencia dos Hernández a exposicións e concursos representando a Galicia favoreceu que o 19 de Febreiro de 1927 foran nomeados polo Concello "Fillos adoptivos de Vigo".

2.- Os cadros de esmalte.

Na presente sala podemos ver unha selección de cadros de esmalte dos Irmáns Hernández, especialidade á que se dedicaron con maior entusiasmo.

Ó igual que sucedía con boa parte da pintura española do momento, un dos temas que desenvolverán nos seus esmaltes será a paisaxe. Participarán do espírito herdado da Xeración do 98, e do seu anhelos de realidades auténticas, nunha España humillada e indiferente trala perda do dominio colonial que toma conciencia da necesidade de saír da crise. Preocupados por atopar a esencia, asómanse á paisaxe coma a representación máis xenuína do nacional. A austera paisaxe castelá e a sinceridade e sinxeleza das súas xentes reflectiran a alma e a esencia que buscan, considerándoos non só un motivo estético, senón ético. Neste sentido maniféstanse os trípticos *Da paisaxe castelá*, realizado entre 1922-1929 e *Dos labregos casteláns*, cara a 1937, que poden contemplarse nesta sala, e que evocan as terras casteláns do seu Valladolid natal.

Instalados definitivamente en Galicia, os Hernández implicáronse rapidamente na vida artística de Vigo e identificáronse prontamente co ambiente de renovación da plástica galega que se vivía na cidade e que coñeceron gracias á especial amizade que mantiveron con artistas como o escultor Francisco Asorey, o pintor Carlos Sobrino ou o arquitecto Antonio Palacios con quen tiveron a oportunidade de colaborar no Templo Votivo do Mar de Panxón. (Na vitrina dedicada a arte sacra poderán ver o *Modelo para as medallas conmemorativas da consagración do Templo Votivo do Mar de Panxón* realizado cara a 1940). A calidade artística das obras dos Hernández situounos rapidamente entre os máis recoñecidos artistas locais, o que lles permitiu involucrarse nas institucións culturais da cidade e participar activamente nas exposicións de Arte Galega que enfatizaban o galeguismo, proceso que se viu freado pola fractura que supuxo a Guerra Civil.

Na súa busca temática, do popular ó rexional e peculiar só houbo un paso. Os seus esmaltes reproducirán recantos de vellas cidades e vilas, escenas costumistas ou tipos iconográficos que, dende unha vertente de carácter máis intelectual, dan vida a un rexionalismo de corte simbolista. Agora ocupará un primeiro plano a sublimación do mar e da súa xente. O tríptico *Do mar* de cara a 1935 ou o *Trofeo Orfos do mar*, de 1965, que se exhiben na sala así o mostran.

A literatura de Valle-Inclán, que exerceu unha gran influencia na arte dos seus coetáneos, percíbese tamén na súa obra. O simbolismo dunha Galicia, entre real e soñada, coa constante presenza dunha doce e incontaminada paisaxe onde o dramático faise lírico; e o realismo tamizado por un difícil idealismo que da ás personaxes a forza do símbolo.

SALA 2: O TRABALLO NO TALLER

Os Irmáns Hernández gozaron dunha profunda educación artística. O seu aprecio polos valores estéticos e teóricos vai parello a un intenso desexo de preparación, que toma forma dende moi novos na Escola de Artes e Oficios de Valladolid. Alí adquiren unha ampla formación nas técnicas da pintura e da escultura, recoñecida na súa madurez co nomeamento de Socios de Mérito da Asociación de Pintores e Escultores. Na base do seu traballo como ourives existe ademais un profundo coñecemento das técnicas desenroladas historicamente pola pratería española que aprenderon nos talleres pucelanos. (Na pantalla táctil situada á entrada poderá coñecer de xeito detallado as técnicas habituais do traballo dos ourives pulsando directamente naquelas nas que estea interesado).

Os Hernández mesturarán e fundirán indisolublemente estas disciplinas como verdadeiros "escultores de ouro e prata", palabras coas que definía o tratadista e ourive do Renacemento español Juan de Arfe o traballo do prateiro. Na súa xuventude tiveron a oportunidade de empaparse da obra deste humanista e a admiración polo seu traballo motivará a realización en 1920 dunha fiel copia da "árbore da Vida" que Arfe executara, entre 1587 e 1590, para a custodia procesional da catedral de Valladolid e que se exhibe nunha vitrina desta sala.

A súa aprendizaxe viuse reforzada en París, onde foron pensionados pola Xunta de Ampliación de Estudos no Estranxeiro (creada pola Institución Libre de Ensino). O contacto coas vangardas artísticas xerou neles o desexo de expresarse coa linguaxe do seu tempo e, con isto, unha persoa investigación formal e decorativa á conquista da esencia e da sinxeleza.

A súa motivación artística maniféstase nunha gran dedicación, con moita inversión de esforzo e tempo, interesados en superarse nas súas propias habilidades, e cunha profunda implicación intelectual que lles mantén atentos ó avance das artes. Os exhaustivos debuxos preparatorios das súas obras expostos nesta sala así o poñen de manifesto.

Sentiron sempre a necesidade de "atopar algo mellor". Abstraídos no seu traballo, coa independencia de pensamento e acción que da buscar en si mesmos e non noutros, a validación e o xuízo do seu traballo, foron perseverantes e arriscados na consecución dos seus obxectivos.

A entrega ó seu traballo foi total. Unha das vitrinas da sala mostra os debuxos preparatorios e as obras nas que Eloy Hernández Calzada traballaba no momento da súa morte.

Dende o comezo o taller dos Hernández mantense como un taller no sentido tradicional, no que se traballa "unha obra de mans", interesado en demostrar a superioridade cualitativa do traballo manual, tan preciso como o das máquinas pero máis libre e creativo. Especialmente na complexa e aventurada elaboración dos esmaltes, na que os Hernández lograron un alto grado de perfeccionamento pese á súa formación autodidacta.

O achegamento dos Hernández ó exquisito mundo dos esmaltes medievais, impregnado polo simbolismo da luz e da cor, marcou un fito na súa produción artística. A *Réplica do Frontal de Silos* exposta, realizada no taller dende 1934-2006, é seguramente a súa obra máis querida.

Existen varios métodos para esmaltar unha superficie, de todos, o preferido dos Hernández é o *champlevé* (tamén denominado escavado, campado ou baleirado). Esta técnica é un sistema propio de occidente e o seu uso remóntase á segunda Idade de Ferro alcanzando o seu apoxeo na época medieval.

Na mesa expositora, ademais de algúns dos instrumentos empregados no seu traballo: un pequeno morteiro con grans de esmalte, unha paleta co esmalte xa pulverizado en varias cores que mesturado con auga aplícase cun pincel, una raedera, un buril para perfeccionar os perfís da prancha e unha pedra pómez para pulla; podemos ver as fases máis importantes do proceso nas pranchas de cobre que mostran unha *Escena do Berbés*. O resultado final, no cadro colgado á súa esquerda.

SABER MAIS:

1.- A réplica do Frontal de Silos.

Dende a Idade de Ferro elabóranse en Europa occidental obras de arte aplicando esmaltes a un soporte de metal. Durante a Idade Media estas pezas cobrarán especial auge, e o esmaltado será considerado como unha arte maior, coa mesma importancia que a pintura o a escultura. A penas existiron obxectos litúrxicos nos que non se empregara esta técnica.

A produción dos talleres que en Limoges (Francia) se dedicaron ó esmaltado tivo unha gran difusión por Europa. Destes obradoiros lemosinos consérvase en Galicia un admirable frontal de altar na Catedral de Ourense.

Pero este non foi o único centro no que se traballou o esmalte. En España o referente será, durante a segunda metade de século XII, o taller do mosteiro burgalés de Santo Domingo de Silos. O frontal con esmaltes do cenobio é a gran obra española deste período.

A réplica do frontal silense comezada polos Hernández en 1934, é a "obra de taller" por excelencia. Nela traballaron as sucesivas xeracións da familia repuxando, fundindo, calando, gravando, dourando e esmaltando, con laboriosidade e esmero, as delicadas cabezas de Deus e dos apóstolos, os fustes e capiteis das columnas, e o repertorio ornamental de flora e fauna que o adorna.

A gran admiración espertada por esta obra materializouse no Gran Premio de Honra recibido na Primeira Exposición Internacional de Artesanía de Madrid de 1953.

SALA 3: MARFÍS E ACIBECHES

Nesta sala e nas seguintes detendrémonos na contemplación do bo facer artístico do obradoiro dos Irmáns Hernández plasmado en disciplinas artísticas diversas coma a eboraria, o esmalte, a xoiería ou a escultura.

Neste primeiro espacio móstranse pequenas esculturas en marfil e acibeche. O uso destes materiais, que caeran en desuso, débese ó impulso que o movemento Arts and Crafts deu ós oficios tradicionais e ós materiais que empregaban.

As calidades do marfil móstranse idóneas para a realización de obxectos decorativos.

Procedente de cabeiros ou defensas animais, a súa talla é similar á da madeira empregándose nela as mesmas ferramentas, aínda que o seu pequeno tamaño e curvatura esixen unha execución precisa e feble. O xenio artístico dos Hernández proporciona a estes delicados traballos en marfil un historicismo unido á modernidade que se manifesta racional e purista no volumétrico e esquemática no decorativo.

O acibeche é un material fósil de orixe vexetal. A súa escaseza e intensa cor negra deulle a consideración de substancia máxica e protectora, razón pola que é moi apreciado. Trabállase con lima e torno, e adquire o seu brillo mediante o pulido. Aínda que é duro, é moi fráxil, o que fai difícil a súa talla. Esta circunstancia dota á arte da acibechería de escasas marxes expresivas que os Hernández souberon superar cunha depurada técnica, conseguindo matizar e enfatizar as luces do carbón.

Unha sinalada contribución do taller vai ser a utilización de técnicas pictóricas do gravado calcográfico. Concretamente a denominada "maniera nera" que consiste en obter os brancos da estampa a partir do negro total. Nas súas mans servirá para realzar o traballo do acibeche ou do marfil sobre superficies esmaltadas en negro ou nunha cor de contraste, deixando que a pupila do espectador complete os trazos e o movemento das figuras.

Os argumentos favoritos do taller nestas obras son elixidos pola carga simbólica que entrañan, nese gusto dos Hernández por poñer os contidos ideolóxicos por enriba dos plásticos. A súa tendencia é vestir as ideas con formas sensíbeis, de aí a incorporación de temas ligados ó sentimento relixioso ou proxectados a través dunha vertente máis literaria e intelectual seguindo unha liña moralista. A iconografía simbolista terá unha gran influencia no seu traballo.

SABER MÁIS:

1.- O movemento Arts and Crafts

O movemento Arts and Crafts xurde en Inglaterra nas últimas décadas do século XIX coma reacción contra a transformación dos procesos de produción e comercialización de obxectos de uso, pola que se pasou dunha produción artesanal, propia das economías rurais, a unha produción industrial. Os obxectos fabricados a máquina caracterizábanse, en xeral, polo seu caos estilístico e mala calidade estética ó imitar indiscriminadamente os estilos do pasado. Rapidamente foron considerados de mal gusto, anhelándose o tempo no que as obras tiñan o aspecto de estar feitas a man, tan diferente dos acabados impersoais da fabricación en serie. A idea de progreso industrial comezou a unirse á da necesidade de devolver ós obxectos da vida cotián unha dimensión estética. Os seus defensores apoiáronse na filosofía promovida polas ideas do crítico de arte John Ruskin, levadas á práctica por William Morris. Esa filosofía denominouse Arts and Crafts, Artes e Oficios, e foi moito máis que unha viaxe nostálgica. Combinaba os principios filosóficos, éticos e políticos, e os estéticos e funcionais que deran como resultado obras belas e de calidade á vez que útiles. Para logralo facíase necesario eliminar a separación entre a arte e artesanía –o deseño dos obxectos utilitarios debía ser considerado unha necesidade funcional e moral- e rexeitar os métodos industriais de traballo que separan ó traballador da obra que realiza, volvendo á agrupación dos artesáns en obradoiros, segundo ó modelo medieval de traballo colectivo. Todo isto coa vista posta na obra ben feita, ben acabada e satisfactoria tanto para artistas como para clientes.

Outras correntes de pensamento aspiraban a obter o mellor do proceso industrial. Nesa liña estaban as escolas de deseño fundadas en 1857 por Henry Cole, co fin de mellorar a preparación das persoas que traballaban na industria.

Ainda que España permaneceu á marxe do proceso de crecemento industrial dos países do norte, a influencia das correntes culturais europeas trouxo consigo a creación no 1824 do Real Conservatorio de Artes en Madrid. Entre as súas misións primordiais estaba a promoción das artes e das industrias e o establecemento dun depósito de máquinas e instrumentos utilizados na súa realización.

En 1886 créase en Madrid a Escola Central de Artes e Oficios. No interesante preámbulo do Real Decreto de creación indícase: "...A Exposición universal de 1851 deu a coñecer á Gran Bretaña que para competir coas industrias estranxeiras tiña a necesidade imperiosa de difundir nas súas clases populares a educación artística de que carecía, e para conseguir pronto a realización dun propósito tan grande como útil, creou o seu admirable Establecemento de Kensington, cunhas ensinanzas que adquiriron o extraordinario e case fabuloso desenrolo que acreditan as súas estatísticas...", "...Tales resultados serviron de estímulo vivo ás demais Nacións, con especialidade a aquelas que ante tan rápidos progresos viron ameazadas seriamente as ricas producións artístico-industriais que nas pasadas Exposicións universais consideraron sen competencia posible en gusto e perfección..."

No 1900, créanse as Escolas de Artes e Industrias, reorganizando e fundindo as Escolas de Artes e Oficios e as provinciais de Belas Artes, orientándoas, segundo recóllese textualmente, cara "o fomento da arte decorativa nas súas diversas ordes, único medio de procurar un renacemento vigoroso das nosas tradicionais e riquísimas industrias artísticas". A misión destas escolas é "ensinar e propagar aquelas industrias, sobre todo as artísticas, que son descoñecidas ou están pouco adiantadas en España e principalmente as que podan implantar os artesáns por se mesmos".

2.- Simbolismo e Art Nouveau

O movemento simbolista é unha tendencia que reacciona contra os valores do materialismo e do pragmatismo da sociedade industrial, reivindicando a busca interior e a verdade universal, decantándose cara a unha espiritualidade frecuentemente achegada á posicións relixiosas, propugnando unha arte de contido poético.

Os artistas simbolistas atoparon un apoio paralelo nos escritores. En España as suxestións literarias tomaranse dos autores da Xeración do 98. En Galicia a literatura de Valle-Inclán exercerá gran influencia na arte dos seus coetáneos.

No ámbito da escultura, Rodin foi o máis próximo ás súas concepcións, e en pintura a escola de Pont-Aven defínese como tal. Xunto con Gauguin, un dos primeiros artistas ligados a esta escola foi Emile Bernard quen cultivou un estilo moi persoal de cores planas, perfectamente delimitadas en contornos silueteados, que se chamou cloisonismo, pola súa similitude formal co esmalte cloisonné. Técnica pictórica que os Irmáns Hernández utilizaron directamente co esmalte.

O Simbolismo derivará nun estilo amplamente difundido na Europa de principios do século XX: o Art Nouveau. No 1895 o coleccionista e marchante Siegfried Bing abriu en París unha galería de arte á que chamou L'Art Nouveau. As propostas estéticas que difundiu dende os seus salóns tiveron tal impacto e influencia nos artistas do seu tempo, que o nome do establecemento pasou a denominar o estilo dunha época.

O movemento de recuperación das artes aplicadas proposto polo Arts and Crafts inglés, atopou en Bing a un gran promotor. L'Art Nouveau reuniu artistas de diversas disciplinas seguidores desta nova filosofía que propuña a fusión das artes plásticas coas artes aplicadas. Bing impulsou talleres de mobles, cerámica e xoias, no seu afán por crear obxectos de calidade para un público amplo. O momento culminante da súa carreira produciuse na Exposición Universal de París de 1900. O pavillón de L'Art Nouveau tivo un extraordinario éxito. Público e museos de todo o mundo acudiron a el para admirar e adquirir as súas pezas.

SALA 4: ESMALTES

O esmalte é a especialidade que o obradoiro dos Irmáns Hernández desenvolve con máis asiduidade e que foi, dende os seus inicios, a máis apoiada pola consideración dos artistas e polo favor do público.

Os seus debuxos preparatorios son exhaustivamente traducidos ó esmalte co que, gracias ó seu coñecemento das técnicas pictóricas, logran gran variedade de matices. Ó esmaltado "champlevé" unen, seguindo a tradición de Limoxes, figuras completas ou parte delas noutros materiais, cobre dourado, repuxado e cicelado en relevo, marfil, acibeche tallado, etc.

O seu contacto xuvenil coas vangardas e a necesidade de se expresar coa linguaxe artística do seu tempo revelan na súa obra diversidade de influencias. Tecnicamente van a destacar a liña fronte ó trazo impresionista tanto polo seu valor estrutural, como elemento organizador da composición, como simbólico. A elegancia estética do xeométrico, a simetría, a simplicidade e o uso específico do dourado característicos do Art Dèco están presentes nos pequenos cadros expostos nesta sala. O gusto polos trípticos dos prerrafaelistas, dos que vimos unha boa mostra na primeira sala, recréase no de *Diana cazadora*. O gran esmalte do *Rapto de Europa* mostra de novo a utilización das liñas definidas, os contornos nítidos e as tintas planas da pintura simbolista da escola de Pont-Aven; e revela a influencia compositiva do humanismo clasicista post-rodiniano na repetición das figuras ou dun fragmento delas variando só a posición ou o ángulo.

Ademais do mantemento dalgúns dos temas formais inspirados no modernismo, sobresaee a incorporación da mitoloxía, e a sensualidade e simboloxía dun "élfico" no feminino con rostro de grandes ollos amendoados e xesto de esfínxe. A lembranza da Grecia arcaica e do Exipto antigo, revividos polos achados arqueolóxicos da época, ten un peso moi importante nesta iconografía simbolista. Contidos que se mesturan cunha estilizada representación da natureza inspirada na arte oriental, destacándose nela o emprego do azul, a máis profunda e inmaterial das cores, que para os poetas simbolistas como Baudelaire ou Mallarmé representa o ideal de beleza inasequible co que sempre soña o artista.

SABER MÁIS:

1.- O estilo Art Decò

O termo Art Dèco apareceu por vez primeira no 1966 con ocasión da mostra retrospectiva *Les Annes 25* celebrada no Museo de Artes Decorativas de París, que conmemora a última e máis alta cota alcanzada pola artesanía modernista: a *Exposición Internacional de Artes Decorativas e Industriais Modernas* de 1925. Dende a exposición de 1966, cantas manifestacións artísticas producíronse entre as dúas guerras mundiais (entre 1920 e 1940), quedaron englobadas baixo o termo Art Dèco.

A complexidade histórica que marca os inicios do século XX caracterizará ó Art Dèco que manifesta as contradicións dos anos 20 e 30, entre o modernismo e a arte comprometida, entre o expresionismo e o funcionalismo, entre as guerras mundiais e a paz.

Distínguense nel dous momentos. Entre 1920 e 1929, fundamentalmente en Europa, o estilo desprégase opulento, vital e optimista. A súa fonte de inspiración serán as culturas pasadas que se puxeron de moda tralos descubrimentos arqueolóxicos de Howard Carter en Exipto, quen en 1922 exhuma a tumba de Tutankamon, cobrando forza a maldición dos faraóns trala repentina morte do investigador. Tamén a antigüidade mesopotámica, as culturas prehispanicas sudamericanas e mesoamericanas. (As ruínas teotihuacanas maías revalorizaranse sobre todo despois do extravió do coronel Fawcett en 1925 nas terras

peruanas de Machu-Pichu e a expedición de Peter Fleming na súa busca). Sen esquecer algunhas culturas europeas antigas, africanas, ou as distantes sociedades orientais.

O segundo período desenvolveuse nos Estados Unidos de 1930 a 1939. Representa a era da recuperación económica despois do "crack" financeiro do 29. Xurde a visión "poética" da máquina, do mundo moderno, mecanizado e tecnificado que substitúe os antigos valores por novos conceptos científicos e artísticos.

Na súa plasmación estética ambos momentos comparten os principios da xeometría e da simplicidade, contrapostos ó sinuoso e excesivamente elaborado Art Nouveau. Contáxianse das propostas dalgúns movementos artísticos de vangarda. Da fascinación constructivista do cubismo toman a xeometría, do fauvismo as cores vibrantes, do futurismo o gusto polas formas de máquina.

Soles con raios luminosos radiantes, nubes de trazos ríxidos e ondulacións repetitivas que representan fluídos acuáticos, son algunhas das abstraccións que se fan da natureza.

Da fauna escóllense gacelas, galgos e, sobre todo, panteras lixeiras e elegantes; elefantes, osos e aves como as pombas e as garzas pola súa evocación da velocidade. Da flora os hieráticos cactos, os xirasoles, fentos e palmas pola súa simetría, traballando as flores con delineacións xeométricas.

As siluetas humanas son finas, delgadas, lixeiras e de trazos sintéticos.

Os máis refinados obxectos Art Dèco nunca foron susceptibles de ser producidos masivamente. Aqueles que, pola contra, permitían a fácil adaptación á produción en serie elaboráronse en grandes cantidades. Isto ocasionou o decaemento do estilo e o seu afondamento no mal gusto do kitch. A súa agonía coincide cos sobresaltos políticos e económicos duna época convulsa que significou o final de moitas cousas e entre elas a do Art Dèco.

SALA 5: ESMALTES II

Na elaboración de esmaltes os Irmáns Hernández atoparon o seu "espacio" por excelencia para a experimentación estética. O resultado é unha ampla produción en diversidade de formatos, cunha evidente e buscada función ornamental dos obxectos.

Como moitos pintores e escultores fixeran acercándose ás artes aplicadas a través da cerámica, os Hernández decantáranse polos pratos e as copas metálicas coma soporte ideal no que despregar o seu rico repertorio temático, unindo ás calidades dun excelente debuxo as formas e cores conseguidos co dominio do fogo. A fermosura intrínseca de cada unha das pezas resultantes é un logro derivado da creatividade das formas, da asimilación de estilos, e da tradición artística do obradoiro.

En escultura, os Hernández sumáronse á recuperación da tradición polícroma da imaxinería que Francisco Asorey encabezaba en Galicia. Isto constituirá a súa principal contribución técnica, o ser capaces de incorporar o esmalte ás súas esculturas de vulto redondo, tempo antes de que a Escola de Belas Artes de Berlín (fundada en 1946 por artistas asociados a La Bauhaus) se enorgullecese de conseguilo. Dúas obras nolo mostran nesta sala, o retrato da modelo parisina *Kiki de Montparnasse*, realizado en 1934, e o *Retrato de nena*, que foi merecedor do primeiro premio no Concurso Nacional de Artes Decorativas de 1935.

As súas imaxes do "eterno feminino" debátense entre a virxe prerrafaelista e a muller fatal, que se tipifica neste momento. Preséntase como unha alegoría das estacións do ano ou rodeada de flores, para reflectir o ideal espiritual da inocencia e da pureza, valores moi queridos e solicitados na época. Sen embargo, a visión que a sociedade de entreguerras ten do feminino está unida, con máis frecuencia, á maldade. A máis perfecta representación desta muller na que se unen o amor e a morte, é a figura de Salomé, e o seu relato foi magnificado Oscar Wilde. Con ela relaciónase o tema da muller-serpe, evocada a miúdo por Juan Ramón Jiménez como reflexo de sensualidade, e debuxada por moitos autores cun longo cabelo cobreado e ondulante moi apropiado para a estética Art Nouveau.

O gusto dos Hernández pola materialización de conceptos de contido alegórico-poético, despregárase con amplitude polas súas obras. Os pratos esmaltados expostos nesta sala acredítano. Sen embargo, esta inspiración modernista mostrouse insuficiente nunha sociedade cada vez máis industrial, convertida na principal clientela. A nova realidade expresábase mellor co Art Déco e, especialmente, polas artes gráficas do cartelismo inspiradas, en maior ou menor medida, polo cubismo e o futurismo.

No prato titulado "Alegoría da industria eléctrica" atopamos reunidas todas estas influencias. O simbolismo modernista está representado pola alegoría personificada na figura feminina central. A fragmentación da superficie do prato en pequenas escenas radiais de carácter xeométrico é un concepto cubista. A recreación da paisaxe industrial, a máquina, a enerxía e forza do raio proveñen claramente do futurismo.

SALA 6: ESCULTURAS E XOIAS

Os Irmáns Hernández souberon trasladar a delicadeza do traballo da xoiería á monumentalidade da escultura, transferindo tanto as técnicas usadas na ourivería: o relevado, o esmalte ou a glíptica, como os materiais: a prata e o ouro. Tamén á inversa, entendendo a xoia, non coma mero ensamble de metal e pedras preciosas, senón coma obra elaborada produto dunha reflexión artística.

Esta percepción do mundo das xoias, influíu nas súas labores escultóricas. O seu dominio dos metais desprégase en fermosísimas esculturas de gran formato. Toman unha lámina de prata ou cobre, golpéana de dentro para fora e logran, con forza e habilidade, o prodixio dunha figura de vulto redondo. Co diverso tratamento das superficies e aplicando esmaltes e óxidos para lograr cores difuminadas embelecen as súas superficies.

Os seus bustos e retratos, hieráticos, estilizados e severos revelan a inspiración no clasicismo grecorromano e na estatuaría exipcia.

A súa habilidade para a talla de distintos materiais, na que lograron unha altísima perfección técnica, facilitou o tratamento escultórico das súas xoias. Rexeitaron reproducir os repertorios internacionais que con máis ou menos fineza e calidade repetíanse nos talleres de xoiería industrializados. Para os Hernández estes modelos son unha exhibición social máis que unha manifestación artística. A súa ourivería non valora a magnitude do material empregado senón a súa mestría, no senso humanista do termo mestre. Nas súas xoias hai unha vontade decidida de crear tipos orixinais, pero ademais un interese por reavivar a tradición artesanal, rescatando elementos da xoiería popular tanto no referido ós materiais (acibeche, coral...) coma ás técnicas (filigrana...). Podémolo apreciar na selección de xoias reunidas na vitrina desta sala.

A delicadeza e precisión deste traballo está moi próxima ó da medallística, especialidade artística que os Hernández cultivaron con profusión, converténdose nunha estable fonte de ingresos para o seu obradoiro.

Ata aquí o noso percorrido pola traxectoria artística destes ourives, que comeza a forxarse inmersa na complexidade histórica que marca a primeira metade do século XX, entre a opulencia dos anos 20 e a crise dos 30, entre as guerras e a paz, e que, téndose enfrontado as experiencias dos conflitos armados, ten como fin primordial a busca da beleza.

O resultado é unha obra chea de personalidade, medida, reflexión e dedicación que reflexa o que facer artesán do obradoiro dos Irmáns Hernández. Unha arte de ideas, sintética, subxectiva que transmite intemporalidade, de aí a súa actualidade, unha obra chea de vida e de cor.

Mariel Larriba Leira
Comisaria da Exposición